




PUNTA NARIGA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Desde Barizo 6 km, e desde Mens 5,3 km.

Dificultade: baixa

Duración: 2-3 horas



O faro de Punta Nariga é o de máis recente construción de Galicia, deseñado polo arquitecto César Portela, comezou a funcionar en 1998. Ten un alcance de 22 millas.

Un dos moitos motivos para achegarnos á Costa da Morte pode ser o de coñecer a Punta Nariga, un lugar, no que ademais de gozar da paisaxe, se atopa un faro diferente, de deseño actual e recente construción, nun entorno onde o vento a auga e o sal labraron ao longo do tempo curiosas e chamativas formas nas rochas.

Un destino no que, ademais de gozar da paisaxe e as súas panorámicas, que abranguen desde o Roncudo ao Cabo do Santo Hadrián e as Illas Sisargas, podemos pasar unhas horas buscando e descubrindo formacións orixinais, verdadeiras esculturas modeladas polos elementos. Entre as rochas atopamos a vexetación propia dos cantís: herba de namorar, colexas, fento mariño, uvas de gato, pirixel do mar...

A Punta Nariga forma parte do LIC "Costa da Morte".

COMO CHEGAR:

Desde Malpica tiramos cara Barizo e seguimos os indicadores que levan ao faro ou ao Parque Eólico. No camiño de Malpica a Punta Nariga podemos achegarnos ás fermosas e recollidas praias de Beo, Esteiro-Xeiruga e Barizo.

Tamén se pode ir desde Ponteceso pasando por Mens.



Algunhas das moitas rochas esculpidas pola auga, o vento e o sal.



Faro e cantís de Punta Nariga.



Vista desde os cantís de Punta Nariga sobre as Illas Sisargas e o Cabo Santo Hadrián.



